



10 PERIGOS PARA AS PRADARÍAS MARIÑAS GALEGAS

1. Sabemos moi pouco delas. Precisamos mellorar o grao de coñecemento dos beneficios que nos aportan e a estima das pradarias mariñas por parte de todos e todas nós, para poder contribuír á súa conservación.
2. As pradarias mariñas da península ibérica son as máis susceptibles á extinción local en Europa debido ao cambio climático, polo aumento da temperatura da auga, e o incremento de frecuencia e intensidade dos temporais no mar.
3. Ao non poderse desprazar, a contaminación mariña aféctalles moito, e a presenza de verteduras próximas é unha das causas da súa desaparición local.
4. Cando na auga hai un exceso de materia orgánica, o que se denomina eutrofización, impídese que as xebras podan realizar a fotosíntese, imprescindible para medrar e sobrevivir.
5. As pradarias galegas están moitas delas situadas próximas a portos ou instalacións de acuicultura, aspecto que as fai máis sensíbeis á súa colonización por especies de algas invasoras.
6. As construcións na liña de beiramar de portos, diques ou paseos modifican as dinámicas mariñas, afectando aos procesos de sedimentación de area e á pradarias.
7. As dragaxes das rías ou os recheos de area nas praias poden destruír estes prados mariños, se non se ten en conta a súa presenza.
8. Os fondeos dun exceso de embarcacións enriba dun prado mariño, provocan que ao levantar os rizóns se arranquen moitas destas plantas e se enturbie tamén moito a auga, dificultándolles a fotosíntese.
9. A pesca de arrastre elimina de forma directa as pradarias mariñas cando actúan sobre elas.
10. A actividade marisqueira a través do elevado pisoteo na baixamar, o uso dos raños que arrancan as xebras, etc, causa perturbación sobre elas, máis nas confrarías galegas, conscientes do seu valor, estase a traballar para a compatibilidade das súas actividades coa conservación das pradarias mariñas.